

REGULAMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DE GRUPOS E UNIDADES DE INVESTIGACIÓN E INVESTIGADORES/AS DA UDC

(Aprobado en Consello de Goberno de data 10-02-2005, modificado en Consello de Goberno de data 25-02-2010, 14-04-2016, 27-04-17, 30-10-17, e 26-06-2019)

INTRODUCCIÓN

A LOU menciona os grupos de investigación como un dos niveis en que se organiza a investigación nas universidades. De conformidade co previsto no art. 56.1 dos Estatutos da UDC, resulta conveniente definir que é un grupo de investigación recoñecido pola UDC e elaborar a normativa que estableza a súa creación e composición.

A constitución de grupos de investigación debe acompañarse da elaboración dun censo destes, para coñecer de forma precisa a situación da investigación na UDC e poder establecer unha política científica adecuada, así como para facilitar a difusión da investigación no contorno empresarial e socio-cultural. Os grupos de investigación serán a base sobre a que se elaborará a produción científica da UDC, identificando dentro deles os que teñan a consideración de grupos de excelencia.

CATÁLOGO DE INVESTIGACIÓN DA UDC

A Universidade debe difundir a investigación no contorno empresarial e socio-cultural, e de aí xorde a necesidade de recoller e sistematizar toda a información no "Catálogo de investigación da UDC".

Para os efectos de asegurar unha completa promoción e catalogación das actividades desenvolvidas na UDC, o catálogo de investigación contén, ademais do rexistro de **grupos**, os de **unidades de investigación** e de **investigadores individuais**, co fin de incorporar a todo o PDI que por diversas razóns non poidan ou non desexen integrarse nun grupo de investigación de conformidade cos criterios definidos nesta normativa.

Unidades de investigación: Agrupacións de investigadores con actividade investigadora comprobable nos últimos cinco anos, con certa estabilidade e coordinadas por membros do PDI que sexan doutores con vinculación permanente coa UDC e que estean a prestar servizos na UDC.

Investigadores individuais: Poderán darse de alta como investigadores individuais todos aqueles membros do PDI da UDC que sexan doutores e teñan desenvolvido unha actividade investigadora nos últimos cinco anos que se poida constatar.

DEFINICIÓN DE GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Os grupos de investigación constitúen a estrutura básica para o desenvolvemento da investigación na universidade. Son estruturas estables de organización e xestión da actividade investigadora con recursos suficientes que permiten unha actividade investigadora competitiva e continuada, apoiada nunha capacidade de financiamento sostible.

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		



Os grupos de investigación son o resultado da libre e voluntaria agrupación de investigadores doutores con capacidade plena para o desenvolvemento da actividade investigadora e outro persoal da UDC, por razóns de coincidencia estable nos seus obxectivos, infraestruturas e recursos compartidos, en torno a unhas determinadas liñas de investigación, desenvolvemento e innovación.

Poderanse constituír como grupo de investigación os conxuntos de profesorado e investigadores que, cumprindo os requisitos do presente regulamento, solicitasen o seu recoñecemento como tal grupo á vicerreitoría con competencias en materia de investigación e fosen aprobados pola mesma, logo do informe favorable da Comisión de Investigación.

CRITERIOS PARA A CONSTITUCIÓN DUN GRUPO

Un grupo de investigación recoñecido pola UDC estará integrado como mínimo por 3 investigadores doutores vinculados á UDC, un dos cales debe ter unha antigüidade mínima de seis anos de doutor. Como índice de estabilidade, sustentabilidade e competitividade, un grupo debe acreditar, conxuntamente, dúas das condicións seguintes:

- Financiamento continuado como IP durante os últimos catro anos con, polo menos, unha participación en proxectos financiados en convocatorias públicas externas á Universidade ou dous contratos de I+D por importe superior a 12.000 euros durante o mesmo período.
- 2 sexenios de investigación activos nos membros do grupo (é dicir, obtidos nos últimos sete anos). En caso de non reunir os requisitos para solicitar sexenios, débense acreditar polo menos 5 publicacións de calidade no seu ámbito nos catro últimos anos.
- Dúas teses de doutoramento dirixidas nos seis anos anteriores e, polo menos, outra acreditable en fase de realización.

O grupo non poderá ser un simple agregado de investigadores, senón que deberán colaborar cun obxectivo científico común. Neste sentido terase en conta a existencia dunha temática común, de obxectivos específicos similares e/ou complementarios, a utilización de técnicas similares, o aproveitamento dunha infraestrutura común, a co-participación en proxectos de investigación, a existencia de publicacións mixtas, etc.

Cada grupo deberá ter unha persoa coordinadora, que debe ser PDI doutor do cadro de persoal con vinculación permanente coa UDC e que estea a prestar servizos na UDC, con antigüidade mínima de seis anos de doutor e que acredite actividade investigadora. Ademais da coordinación, exercerá como responsable e representante do grupo.

O grupo é unha estrutura con vocación duradeira. Non é o equipo de investigadores dun proxecto nin obriga a todos os seus membros a participar en todos os proxectos do grupo. Os membros do grupo comprométense a formar parte del por un período de, cando menos, 3 anos desde a data da súa incorporación a este.

COMPOSICIÓN

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		



Poderán ser **membros** do grupo de investigación as persoas pertencentes ás seguintes categorías:

- M1. Todas as figuras de profesorado e investigador/as da UDC en servizo activo recollidas na lexislación vixente.
- M2. As persoas contratadas na UDC ao abeiro de programas de recursos humanos de I+D+i, de ámbito internacional, nacional ou autonómico, e sempre que lles reste unha vinculación coa UDC de cando menos 1 ano no momento de solicitar o alta.
- M3. O alumnado matriculado un programa oficial de doutoramento da UDC ou de carácter interuniversitario no que participe a UDC, cando a persoa que dirixa a súa tese estea inscrita no catálogo.
- M4. As persoas contratadas con cargo a proxectos, convenios ou contratos de investigación, sempre que lles reste unha vinculación coa UDC de cando menos 1 ano no momento de solicitar o alta, ou de ser inferior, cando poida demostrarse unha vinculación acumulada anterior á UDC (como estudante de doutoramento ou contratado) como mínimo dun ano. No caso de non seren doutores, teñen que estar matriculados nun programa oficial de doutoramento da UDC, ou de carácter interuniversitario no que participe a UDC, agás que se trate de persoal técnico ou administrativo.
- M5. O persoal de administración e servizos (PAS) da UDC, sempre que a súa actividade no grupo se realice sen menoscabo da función que teña establecida na relación de postos de traballo (RPT), e conte co informe favorable do responsable da unidade a que estea adscrito e da xerencia da UDC.
- M6. O profesorado emérito e honorario da UDC.
- M7. PDI funcionario destinado na UDC que se atope na situación de servizos especiais ou de prestación de servizos noutras administracións públicas (comisión de servizos), coa autorización da entidade na que estean a prestar eses servizos.

Asemade, poderán formar parte do grupo de investigación en calidade de **colaboradores**, as persoas incluídas nas seguintes categorías:

- C1. Investigadores doutores vinculados a outras institucións públicas ou privadas que estean capacitadas legalmente para desenvolver actividades de I+D+i, cando o solicitante manifieste por escrito a súa vontade de colaboración. A permanencia no grupo será inicialmente por un período de tres anos, e poderá prorrogarse tras a correspondente solicitude e o informe favorable da Comisión de Investigación, baseado nas evidencias de colaboración aportadas polo grupo.
- C2. Integrantes do equipo investigador ou do equipo de traballo dun proxecto que obtivese financiamento en convocatorias competitivas e que sexa liderado por un membro do grupo, cando non poidan incorporarse como membros a dito grupo. A permanencia no grupo estenderase a todo o período de vixencia do proxecto.
- C3. Investigadores visitantes con financiamento externo para realizar unha estada na UDC por un período ininterrompido de cando menos seis meses.
- C4. Contratados por conta de outras entidades para tarefas de investigación na UDC, de acordo co Art. 83 da LOU ou mediante convenio, sempre que o investigador responsable sexa un membro do grupo.
- C5. Investigadores que realizen a tese doutoral baixo a dirección dun membro do

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		



grupo e estean a iniciar a súa formación posdoutoral. A incorporación ao grupo en calidade de colaborador estenderase até 6 meses tras a data de defensa da tese, e poderá prorrogarse unha soa vez por outros 6 meses, tras a correspondente solicitude e o informe favorable da Comisión de Investigación, baseado nas evidencias de progreso na súa preparación para a etapa posdoutoral.

A pertenza aos grupos en calidade de colaborador non supón vinculación funcional ou laboral algunha coa UDC. Todo o persoal colaborador deberá estar asegurado contra accidentes durante a prestación da súa colaboración. Para garantir o cumprimento deste deber, cando no momento de iniciar a súa colaboración estas persoas non contengan ningún outro seguro, os/as coordinadores/as dos grupos aos que pretendan incorporarse achegarán ao Servizo de Investigación copia da solicitude da súa inclusión como beneficiarias na póliza de seguros colectiva subscrita a tal fin pola UDC, que terá vixencia anual.

Os distintos membros e colaboradores incorporaranse aos grupos, se proceder, atendendo ás seguintes pautas:

- a. Ninguén pode ser obrigado a pertencer a un grupo de investigación.
- b. Non se poderá ser membro de máis de un grupo de investigación. Porén, iso non é ningún obstáculo para que un investigador colabore en proxectos con outros grupos, senón máis ben ao contrario: as colaboracións son desexables e signo de interdisciplinabilidade.
- c. O persoal das distintas categorías é libre de solicitar a integración no grupo que prefiran, coas seguintes excepcións:
 1. Os doutorandos e doutorandas, que se unirán ao grupo ao que pertenza a persoa que dirixe a súa tese.
 2. O persoal contratado con cargo a proxectos, contratos ou convenios, que se unirá ao grupo do que forme parte quen sexa responsable do proxecto, contrato ou convenio.
 3. Os integrantes de equipos de investigación ou de traballo de proxectos, que se unirán ao grupo ao que pertenza o investigador principal do proxecto.

O trámite de incorporación de novos membros ou colaboradores a un grupo iniciárase coa presentación dunha solicitude a tal efecto, na que constará o visto e prace dos interesados e máis do/a coordinador/a do grupo. O alta nun grupo supón a obriga de respectar os compromisos previamente adquiridos polo grupo.

Por outra banda, causarase baixa nun grupo:

- Cando finalice a vinculación dun membro coa UDC.
- Cando o grupo se fusione con outros para constituír un novo.
- Cando se trate dun doutorando que cambie de director de tese e este pertenza a outro grupo.
- De se demostrar a comisión de fraude, plaxio ou falta de comportamento ético na investigación.
- Cando se demostre a inexistencia de actividades realizadas dentro do grupo.
- Por petición propia.

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		



- Unha vez transcorridos os prazos que fixa este regulamento.

Aínda que a persoa que coordina o grupo é a encargada da súa actualización, se se detecta que un dos seus membros xa non está vinculado á UDC, daráselle de baixa de oficio polo Servizo de Investigación.

RECOÑECIMENTO DE GRUPO DE INVESTIGACIÓN

O recoñecemento como grupo de investigación débese solicitar á vicerreitoría con competencias en materia de investigación no último trimestre de cada ano, facendo constar a seguinte información:

- Nome do grupo. Debe ser un nome non excesivamente longo e autoexplicativo do campo temático en que traballa o grupo. O nome do grupo non debe entrar en conflito co nome doutro grupo xa existente.
- Membros que o compoñen. Xunto coa sinatura de conformidade de cada un deles.
- Ámbito de investigación concreto: ámbito estratéxico da actividade investigadora do grupo, área/s de coñecemento ANEP e área de proxección/interese socioeconómico.
- Liñas de investigación en que traballa. Un grupo pode ter unha ou máis liñas de investigación e cada liña debe ter unha persoa responsable, con título de doutor, e non necesariamente coincidente coa persoa coordinadora do grupo. Pódese ser responsable, como máximo, de dúas liñas de investigación. Se un responsable de liña dáse de baixa do grupo, e de non se presentar un responsable alternativo, eliminarase de oficio polo Servizo de Investigación a liña na ficha do grupo.
- Recursos de equipamento significativo (se se dispón del), capacidades e resultados. Unha capacidade quere dicir un conxunto de coñecementos ou de técnicas que poden ser empregados para levar a cabo un determinado traballo ou prestar un servizo (as capacidades transfírense normalmente a través de traballos de I+D, de apoio técnico, consultoría ou servizos técnicos). Os resultados refírense a desenvolvementos xa realizados e que poden ter interese para as empresas e normalmente veñen materializados nunha patente, un software, etc.

DISOLUCIÓN

Os grupos de investigación disolveranse:

- a. De se dar de baixa a persoa coordinadora dun grupo e non se propor unha nova, o grupo darase de baixa de oficio polo Servizo de Investigación.
- b. Se deixan de cumprir os requisitos durante un período superior a seis meses. De quedar cun só membro, o grupo será dado de baixa de oficio polo Servizo de Investigación.
- c. Por petición da maioría do profesorado e investigadores funcionarios e contratados.
- d. Por non desenvolveren tarefas de investigación, por proposta da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e coa aprobación da Comisión de Investigación.

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		



A disolución deberase realizar en todo caso atendendo ao cumprimento dos proxectos e contratos vixentes nese momento.

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- **O grupo, unidade ou investigador/a individual** deberá adscribirse cando menos a un departamento, a un instituto ou a un centro tecnolóxico, sendo posible a adscripción múltiple (departamento-instituto-centro). No caso de que un grupo ou unidade desexe adscribirse a un departamento, o fará preferentemente a aquel ao que pertenza a persoa coordinadora. A adscripción a un instituto, a un centro tecnolóxico, ou a un departamento distinto daquel ao que pertenza quen coordine o grupo, requirirá o informe favorable do seu director/coordinador.
- A persoa coordinadora do grupo ou unidade actuará de interlocutora para os efectos de xestión coa vicerreitoría con competencias en materia de investigación, será a responsable das partidas orzamentarias do colectivo e a encargada de comunicar a información correspondente ao resto de membros e a todos os colaboradores.
- A xestión económica da produción científica e dos proxectos e/ou convenios poderá ser levada a cabo de forma autónoma polos propios grupos ou unidades de investigación, no marco da normativa reguladora das fontes de financiamento e dos contratos de investigación.
- O control dos grupos e unidades de investigación corresponderá á vicerreitoría con competencias en materia de investigación, e á Comisión de Investigación.

ACTUALIZACIÓN DO CATÁLOGO

O procedemento detallado para modificar os rexistros do catálogo, tanto altas ou baixas de membros, como cambios doutra natureza, se recolle na Instrución do 15 de marzo de 2016 da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, pola que se regula a actualización do seu catálogo de investigación.

DEPURACIÓN DA OFERTA TECNOLÓXICA

Cada ano, a vicerreitoría con competencias en investigación fará unha análise do Catálogo de Investigación, propoñendo, se for o caso, medidas correctoras

DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª

A incorporación ao Catálogo de Investigación da UDC leva implícita a autorización de cada unha das persoas incluídas nel para difundir os grupos, unidades e investigadores, a súa oferta tecnolóxica e a súa experiencia rexistrada a través de proxectos en que participan, publicacións e teses.

DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		



A Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno resolverá todas as consultas, dúbidas ou incidencias que xurdiren no desenvolvemento do presente regulamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA 1ª

Os grupos dispoñerán dun mes de prazo desde a entrada en vigor deste regulamento para solicitar a modificación da súa composición conforme ao que nel estipúlase.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC, tras a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Diligencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do **26 de xuño de 2019**
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	78r/raOtqoxchK66QMzEPw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/06/2019 14:49:07
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/78r/raOtqoxchK66QMzEPw==		

